



## Segundo exame: Parte específica

### Instrucións en galego

- O exame ten 30 preguntas.  
Debes marcar as respostas na folia de respostas.  
Tamén tes que contestar as preguntas de reserva.
- Tes **2 horas** para facer o exame.
- Todas as preguntas teñen 4 respostas.  
Só 1 resposta é correcta.  
As preguntas que respondas ben suman 3 puntos.  
As preguntas que deixes en branco non puntúan.  
As preguntas que respondas mal non puntúan.
- Cando termines o exame tes 2 opcións:
  - Opción número 1:  
**Se tes que facer o exame de galego,**  
espera as instrucións do persoal da organización.
  - Opción número 2:  
**Se non tes que facer o exame de galego,**  
entrega o cuestionario e a folia de respostas.  
Debes entregar o cuestionario e a folia de respostas  
ao persoal da organización.  
A persoa da organización entregaráche  
a copia da folia de respostas de cor azul.
- Podes descargar o cuestionario de preguntas  
na páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es)

**Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.**

1. Que folla de cálculo usaría para levar un control de horas traballadas?

- A) LibreOffice Writer.
- B) LibreOffice Impress.
- C) LibreOffice Draw.
- D) LibreOffice Calc.

2. A comunicación non verbal é:

- A) A comunicación que transmitimos a través da fala.
- B) A comunicación que transmitimos a través do teléfono.
- C) A comunicación que transmitimos a través da escritura.
- D) A comunicación que transmitimos a través da linguaxe corporal.

3. Cal destas unidades é a de maior almacenamento?

- A) Un Quilobyte (KB).
- B) Un Megabyte (MB).
- C) Un Xigabyte (GB).
- D) Un Terabyte (TB).

4. O prazo para interpoñer un recurso de reposición é de:

- A) 1 mes.
- B) 2 meses.
- C) 3 meses.
- D) 6 meses.

5. Que normativa ordea a Atención Primaria de Saúde en Galicia:

- A) Decreto 20/1993 de 29 de xullo.
- B) Decreto 200/1993 de 29 de xuño.
- C) Decreto 20/1993 de 29 de xuño.
- D) Decreto 200/1993 de 29 de xullo.

6. Cal dos seguintes elementos forma parte da mecánica corporal:

- A) A altura do individuo.
- B) O peso.
- C) A postura.
- D) A curvatura da espalda.

7. O horario de apertura e funcionamento dos Puntos de Atención Continuada, é:

- A) De luns a domingo, de 15 horas a 8 horas do día seguinte.
- B) De luns a domingo, as 24 horas, para pacientes que non teñan médico asignado na zona de que se trate.
- C) Os Puntos de Atención Continuada funcionan exclusivamente domingos e festivos, as 24 horas.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**8. Contra os actos firmes en vía administrativa procede o:**

- A) Recurso de alzada.
- B) Recurso extraordinario de revisión.
- C) Recurso de iniciación.
- D) Recurso de reposición.

**9. Cal das seguintes afirmacións non corresponden á prestación de maternidade:**

- A) O traballador que ten este permiso cobra o seu soldo igual que se traballase.
- B) É un permiso de descanso para o traballador cando ten un fillo.
- C) O permiso é só para o pai.
- D) O permiso pode ser para a nai ou compartilo entre a nai e o pai.

**10. Cal das seguintes secuencias é un exemplo de byte?**

- A) 66101100
- B) 1011001
- C) 13032020
- D) 10101100

**11. A escoita activa é:**

- A) Poñerse no lugar da outra persoa para saber o que pensa e sente.
- B) É a comunicación cara a cara.
- C) É unha técnica que utilizamos para lograr unha boa comunicación.
- D) É ter as respostas ao problema da outra persoa, antes mesmo de que che contara a metade.

**12. A institución encargada de xestionar todas as axudas e prestación da Seguridade Social é:**

- A) O Servizo Galego de Saúde.
- B) O Instituto Nacional da Seguridade Social.
- C) O centro de saúde.
- D) A Xunta de Galicia.

**13. As fases dun procedemento administrativo son:**

- A) Inicio, ordenación, terminación e execución.
- B) Inicio, instrución, ordenación e execución.
- C) Inicio, instrución, terminación e execución.
- D) Inicio, instrución, ordenación e terminación.

**14. O CIP é:**

- A) O número de afiliación á Seguridade Social.
- B) O código de identificación persoal único para todo Sistema Nacional de Saúde.
- C) O código de identificación da Comunidade Autónoma de Galicia.
- D) O código de identificación persoal no Sistema de Tarxeta Sanitaria.

15. O pé de goteiro utilízase para:

- A) Desprazar aos pacientes.
- B) Facer as súas necesidades de ouriñar e defecar.
- C) Colgar as bolsas e frascos de medicación, nutrición, etc.
- D) Trasladar ou explorar a un paciente.

16. Como se realiza o transporte dunha mostra biolóxica?

- A) Os recipientes débense transportar sempre en posición horizontal.
- B) É moi importante que ás mostras sempre lles dea a luz.
- C) As mostras irán acompañadas dunha documentación que deberá ser entregada no lugar de destino.
- D) Nos Centros de Saúde non se traballa con mostras biolóxicas.

Continuación de Cita

Solicítase unha cita para ANTONIO o 1 de abril do 2019, nas seguintes condicións:

Hora: 08:50 Duración: 10 min

Modo Cita: Mostroador

Tipo de Actividade: DEN-DEMANDA

Modo de Atención: CENTRO DCT 051 Urgente

Prestación: 10000 - CONSULTA DE ENFERMIA

Recordatorio:

Facturable:

Observación:

Aceptar Cancelar

17. Na imaxe anterior dunha das pantallas do programa de xestión de citas SIGAP, a opción que se enmarca corresponde a:

- A) Unha cita para asistencia no domicilio.
- B) Unha cita xerada a partir doutra que non se resolveu telefónicamente.
- C) Unha cita derivada da central de emerxencias 112.
- D) Ningunha das anteriores é unha resposta válida.

18. Cal das seguintes é unha afirmación correcta respecto a unha impresora:

- A) Tódalas impresoras están conectadas a un ordenador por medio dun cable.
- B) O custo por páxina impresa é máis baixo que o de fotocopiadora.
- C) Tódalas impresoras usan cartuchos de tinta.
- D) É unha máquina de reprografía.

**19. Durante a comunicación telefónica:**

- A) Non se debe cambiar o ton de voz.
- B) O tímbre de voz é o ritmo que usamos na conversa.
- C) O ton de voz é a potencia coa que transmitimos a mensaxe.
- D) Ademais da voz debemos coidar a linguaxe, o silencio e o sorriso.

**20. Que debe facer o Persoal de Servizos Xerais cando ten que entregar un paquete?**

- A) Debe abrílo antes de entregalo.
- B) Pode entregalo a calquera persoa.
- C) Debe garantir a confidencialidade.
- D) Entregará en último lugar o paquete que sexa urxente.

**21. Unha persoa que ten un contrato de traballo e traballa para unha empresa:**

- A) É un traballador por conta allea.
- B) Recibe un soldo a cambio do seu traballo.
- C) Unha parte do seu soldo destínase á cotización da Seguridade Social.
- D) Todas son correctas.

**22. Que líquido vai dentro dun humidificador?**

- A) Auga mineralizada.
- B) Soro fisiolóxico.
- C) Só usa osíxeno medicinal.
- D) Auga destilada.

**23. Cal é o Decreto que crea a categoría de Persoal de Servizos Xerais e regula as súas funcións?**

- A) Decreto 160/1996 do 25 de abril.
- B) Real Decreto 160/1996 do 25 de abril.
- C) Decreto 160/1996 do 8 de novembro.
- D) A orde do 25 de abril de 1996.

**24. Que é E-Saúde?**

- A) A ferramenta que ten o Servicio Galego de Saúde para resolver as reclamacións.
- B) A ferramenta que ten o Servicio Galego de Saúde para pedir as subministracións.
- C) É o sistema que permite aos usuarios identificarse e asinar documentos de xeito electrónico.
- D) É a ferramenta que ten o Servicio Galego de Saúde para comunicarse cos cidadáns.

**25. Indique cal dos seguintes periféricos é de entrada e saída:**

- A) Pantalla
- B) Rato
- C) Wifi
- D) Teclado

26. As fases que se deben seguir na xestión de paquetería e documentación son:

- A) Recepción e distribución.
- B) Rexistro, recepción, catalogación e distribución.
- C) Rexistro, clasificación e distribución.
- D) Recepción, rexistro, clasificación e distribución.

27. Que profesionais son os únicos autorizados a dar explicacións sobre o estado de saúde dun paciente?

- A) O celador.
- B) O médico.
- C) O Persoal de Servizos Xerais.
- D) O técnico de raios.

28. Sinale a opción correcta con respecto ás Unidades e Servizos de Atención Primaria:

- A) En tódolos municipios de Galicia hai un Servizo de Atención Primaria.
- B) Unha unidade de Atención atende como mínimo a vinte mil persoas.
- C) Un dos recursos que se pode prestar nun Servizo de Atención Primaria é a saúde mental.
- D) O consultorio depende directamente do Servizo de Atención Primaria.

29. Á hora de encher as follas de Atención Urxente, cales son os datos máis importantes dos pacientes?

- A) A data de asistencia e o nome.
- B) O enderezo e o número de Seguridade Social.
- C) O nome, enderezo e a idade.
- D) O nome e apelidos, enderezo, idade, sexo e o número da tarxeta sanitaria.

30. Cal dos seguintes é un principio sobre a mecánica corporal:

- A) Cargar pesos lonxe do corpo.
- B) Pés xuntos. Un sempre na dirección do movemento.
- C) Levantar os obxectos flexionando as pernas. Dobrar a cintura.
- D) Empuxar mellor que erguer.

Preguntas de reserva

1. A tarxeta sanitaria envíase ao domicilio:

- A) Cando se solicita por primeira vez.
- B) Cando se cambian os apelidos.
- C) Cando se solicita unha nova por perda.
- D) Todas son correctas.

2. Cal é o prazo para presentar alegacións e documentos no trámite de audiencia?

- A) Entre 5 e 15 días.
- B) Entre 15 e 30 días.
- C) Entre 15 e 20 días.
- D) Entre 10 e 15 días.